21.11.2024 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.ª DE VIGO

MIRIAM CEPEDA

BIO

Nada en Bilbao, estuda no Conservatorio Superior de Música J. C. Arriaga, obtendo as titulacións superiores de Piano (A. Vergara), Solfexo e Pedagoxía Musical. Posteriormente ingresa no Conservatorio F. Escudero de San Sebastián, onde logra o Título Profesional de Órgano e Clavecín con E. Elizondo e L. F. Imaz, respectivamente. Finaliza coa máxima cualificación os seus estudos superiores de Órgano con E. Landart e L. Mallié no Centro Superior de Música do País Vasco (Musikene), en San Sebastián. Ofreceu concertos no Hospital dos Venerables de Sevilla, a Catedral de Valladolid, San Juan de Luz, San Sebastián, Ataun, Colexiata de Cenarruza, Andorra, Mosteiro de Leyre, Boadilla de Rioseco, Castromocho, Salvatierra, Mosteiro de Sto. Toribio de Liébana Hendaia, Bordeus, Santuario de Torreciudad, Vitoria, Catedral de Cuenca, Pedreguer, Deba, Zumaia, Montesa e Colexiata de Xunqueira de Ambía. Colabora habitualmente con diferentes formacións corais e desde 2006 forma dúo co clarinetista L.A. Requejo, solista de clarinete baixo na Sinfónica de Bilbao con quen realiza diversos concertos. Cabe destacar unha xira por Eslovaquia, destacando a súa participación no Festival Internacional de Cífer e as "Matiné" do Palacio Mirbach (Bratislava), na igrexa de Saint-Pierre de Manigod (Ródano-Alpes, Francia), así como na Tempada de Cámara da BOS dentro do Palacio Euskalduna. Así mesmo é organista da Basílica de Santa María de Begoña (Cavaillé-Coll, 1884) e profesora de órgano no Conservatorio «Jesús de Monasterio» de Santander, actividade que compaxina con diversos concertos.

PROGRAMA

— **E. de Gorosarri (1890-1947)**
Carillón
Improvisación sobre un canto vasco

— **J. Guridi (1886-1961)**
Pastorela da *Escola española de órgano*
Ofertorio
Fragmento do auto sacramental *O cansancio do home*

— **J. Jongen (1873-1953)**
Pastorale
Marche
Petit prélude

— **J. Urteaga (1882-1960)**
Scherzo e cantabile

— **B. de Gabiola (1880-1944)**
Invocación

— **M. Rodríguez (1871-1961)**
Glosa sobre o himno «Veni Creator Spiritus»